

Luísa Villalta

Guía
Didáctica



*"Isto é poesía,
un ruído provocado"*



Día das Letras Galegas 2024

Elaboración: IES Isaac Díaz Pardo
Edita: A. C. Irmáns Suárez Picallo
Colabora: Concello de Sada

CRÉDITOS

Título: Luísa Villalta: Isto é poesía, un ruído provocado.

Portada: *A violinista*, óleo de Fernando Alonso Andújar - in memoriam de Luísa Villalta.

Coordinación: Rubén Anido Regueiro.

Textos dos carteis: Rubén Anido Regueiro.

Redacción e proposta didáctica: María do Pilar García López, Alaska Mariño Lueiro, Elisa Bentos-Pereyra, Begoña Babío Dans, Ana Casas Añón, Mario Simón García González, Sabela Arias Castro, Marcos Chavarría Teijeiro.


Alumnado de ESO e Bacharelato do IES "Isaac Díaz Pardo" de Sada: Uxía Bernárdez Martínez, Alicia Rey Maceiras, Aitana Teijo Santos, Irene Pérez Castro, Talía Yu Celada Martínez, Navia Mosquera Caínzos, Martina Rivas Soto, Érika Celene Villca Rodríguez, Claudia Gómez Fernández.

Maquetaxe: J. Luis Martínez Arenas.

Xaneiro 2024

ÍNDICE

- Presentación	2
- Biografía	3
- Roteiro 1 (A Coruña)	5
- 1ª parada: Casa natal de Luísa	5
- 2ª parada: Praza de María Pita	7
- 3ª parada: O Campo da Leña	9
- 4ª parada: Rúa da Cordelería	11
- 5ª parada: O Campo de Marte	13
- 6ª parada: Santo Amaro e Torre de Hércules	16
- 7ª parada: Praza da Fariña	19
- 8ª parada: O Papagaio	21
- Roteiro 2 (Sada)	24
- 1ª parada: A Terraza	24
- 2ª parada: Praza dos irmáns Suárez Picallo	26
- 3ª parada: Complexo Sargadelos e Museo C. Maside	27
- 4ª parada e final: IES Isaac Díaz Pardo	29
- Bibliografía / Webgrafía	32



Luísa Villalta

Logo de sabermos que a figura literaria que ía ser homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2024 ía ser Luísa Villalta, non demoramos en pensar de que maneira poderíamos estar á altura de tamaño acontecemento. Para a comunidade educativa do IES Isaac Díaz Pardo, a escritora coruñesa sempre foi alguén moi especial por moitas e moi varias razóns, a máis importante delas o simple feito de que no noso instituto desenvolveu a súa actividade docente durante unha ducia de cursos académicos.

Falar de Luísa é falar, en consecuencia, da profesora, de alguén que deixou unha pegada moi profunda e duradeira en moitas promocións de alumnos e alumnas. O amor á verdade, o culto á beleza, a defensa das causas sociais máis xustas e a valoración positiva do idioma galego foron os aspectos do seu labor que hoxe lembramos e, como non podía ser doutro xeito, queremos reivindicar.

Quixemos, á hora de elaborarmos tanto a guía didáctica como os carteis, ser fieis a estes principios. Intentamos, así pois, poñer un amplo conxunto de materiais ao alcance do alumnado dunha maneira próxima, atractiva, con variedade de recursos, sempre co pensamento e o corazón na lembranza dunha muller simplemente inesquecível.

Todo o seu traballo nas aulas está traspasado dese desexo de horizontes, dunha secreta poesía presente nas cousas máis sinxelas e cotiás, e xunto con isto, hai en Luísa unha ansia por transmitir ideas tan elevadas como a liberdade, pensar con criterio, saber escoitar os demais e, por suposto, a paixón creadora en calquera das súas manifestacións, unha paixón en todo momento inseparábel da difícil realidade dos colectivos máis desfavorecidos en calquera lugar do mundo.

Biografía

1. Nacemento e traxectoria profesional

Luísa Villalta Gómez naceu na cidade da Coruña no ano 1957. Estudou na Universidade de Santiago de Compostela e alí licenciouse en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa. Dedicou parte da súa vida profesional á docencia da Lingua e Literatura Galegas no ensino secundario en diferentes institutos galegos, entre eles o IES Isaac Díaz Pardo de Sada. Contaba tamén coa titulación superior en violín. Fixo parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela.

3. Música e poesía

A súa experiencia musical correu parella ao desenvolvemento da súa creación literaria. Disto deixou constancia, entre outros moitos lugares, no ensaio intitulado *O outro lado da música, a poesía* (1999) e en artigos como "A língua dos sons" (1986), "A Música e Nós" (2002) ou na súa poética "Sobre un certo estado de conciencia" (2002), onde reflexiona sobre a relación entre a palabra e a música e a súa experiencia persoal nos momentos de creación.

2. Escritora prolífica

Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas e textos xornalísticos en lingua galega. A súa escrita foi premiada en diferentes ocasións, como no certame de relatos curtos Modesto R. Figueiredo (1990) polo relato intitulado "A taberna do holandés" ou no XIII Premio Espiral Maior (2004) polo seu poemario

En concreto; postumamente, o seu traballo foi recoñecido, entre outros, co Premio da Crítica Galega á Creación Literaria (2005).

4. Obra poética

Comezou a súa andaina poética co libro *Música reservada* (1991), ao que seguiu *Ruído* (1995).

Posteriormente publicou *Rota ao interior do ollo* (1995). Nestes tres volumes móstrase una poeta de grande rigorosidade formal, con influencias

de autores tanto clásicos como contemporáneos que aparecen entremesturadas cun forte alento lírico, ás veces case épico. Os dous seguintes poemarios mostran unha Luísa que cada vez vai conseguindo unha aínda maior madurez lírica e novos acentos.

Referímonos a *En concreto* (2004) e ao sorprendente *Papagaio* (2006), en que cada poema vai acompañado dunha fotografía de Maribel Longueira.

Fotografía: © Xosé Abad

Biografía

Luísa Villalta

«Isto é poesía,
un ruído
provocado»

5. Obra narrativa

Canto á obra narrativa, inicia a súa andaina co volume *Silencio, ensaiamos* (1991) para despois irse reafirmando a súa voz en *Teoría de xogos* (1997) e mais en *As chaves do tempo* (2001). A súa obra narrativa cumpre moitos dos presupostos vistos nos seus textos líricos, cunha grande relevancia da rigorosidade formal, as referencias máis ou menos veladas a outros textos nun diálogo intertextual ou a preocupación inevitábel polas problemáticas do mundo circundante.

7. Intensa actividade cultural

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural. Participou en seminarios, en recitais de poesía, deu conferencias e colaborou nunha chea de publicacións periódicas, como *Man Común*, *A Nosa Terra*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Agália*, *Boletín Galego de Literatura*, *A Trabe de Ouro*, *Enclave*, *Página abierta*, etc.

9. Compromiso

Seguramente foi a súa sede de xustiza, a súa sede de sermos un país avanzado, un país culto, o que a levou a implicarse socialmente: formou parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, coordinou a área de revisión histórica e análise crítica da cultura no Foro da Cultura Galega, participou no Foro Negro, foi membro activo da Mesa pola Normalización Lingüística e comprometeuse en favor dos dereitos lingüísticos do pobo galego.

6. Obra dramática

Na súa obra dramática Luísa escribiu unha serie de pezas teatrais de carácter breve moi influídas polas principais correntes estéticas desenvolvidas en Europa ao longo do século XX, sempre cun afán de renovación fundamental e coa presenza inevitábel da música. Publicou *Concerto para un home só* (1989), *O paseo das esfinges* (1991) e mais *As certezas de Ofelia* (1999) alén doutros textos que poderíamos considerar de menor entidade. Cómpre salientar que as súas preocupacións dramáticas tiveron como resultado a publicación do ensaio *O Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992).

8. Conciencia social

En moitas destas colaboracións podemos percibir a personalidade de Luísa Villalta e a súa conciencia social, de modo particular nos artigos publicados entre os anos 2002 e 2004 en *A Nosa Terra*, compilados no *Libro das columnas* (2005). Sensíbel e contundente, puña en evidencia a hipocrisía política, denunciaba os valores e a apatía dunha sociedade ferozmente capitalista ou criticaba os responsábeis dos desarranxos sociais, sempre do lado das persoas máis desfavorecidas.

10. Morte inesperada

A morte chegou para Luísa Villalta dun modo inesperado o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de ocupacións, proxectos e esperanzas.



Roteiro 1: A Coruña

Calquer que fose o principio de todo, o único seguro é que produciu un ruído. Porque un ruído é o efecto da vibración da materia, que se propaga no espacio durante un tempo determinado. E unha vibración é un movemento periódico acontecido nesa materia: é, portanto, un ritmo. Só falta unha intención expresiva (humana?), só falta aplicarlle un significado (alegría, dor, tristeza...) para poder definilo como música. Ou tamén como palabra.

[O outro lado da música, a poesía]

PRIMEIRA PARADA: CASA NATAL DE LUÍSA

(Rúa Vila de Laxe, nº 6)

*Unha porta fechada
desde fora
invita*

*ao auténtico ser
que non é
desde dentro
real.*

[Música reservada]



Nesta casa do barrio da Falperra naceu Luísa Villalta o 15 de xullo de 1957. Quixo o fado que a morte a sorprendera na mesma casa o 6 de marzo de 2004.



*E ficaremos sós
mar e silencio.*

*Cando a noite me veña desvendar
con amor prometido e demorado
estes ollos que ollaron tanto nada,
as follas que caíron ao meu pé
serán pisadas.*

*E a ausencia cumprirá o seu oráculo
cando a noite sexa o fondo,
cando o mesmo mar a noite,
e o silencio
diga a última palabra.*

[Música reservada]

Entre estas dúas datas, transcorreu toda unha vida dedicada á arte e unha vida entregada ás causas sociais, poñendo a súa pluma ao servizo dos menos favorecidos, das causas xustas.

No ámbito da literatura cultivou todos os xéneros: poesía, narrativa, teatro e ensaio. Porén, quizais foi na súa faceta poética onde colleitou maiores éxitos: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995), *En concreto* (2004) son os seus poemarios máis emblemáticos. Reparade en que as datas de publicación destes libros se sitúan na década dos 90, por iso hoxe en día hai dificultades para encadrala na xeración dos poetas dos anos 80 ou na dos 90. O que si é seguro é que nesta casa da Falperra pasaron longas tardes de tertulia literaria e política moitos dos nosos poetas que pertencen á xeración dos 80:

Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán Vello, Xavier Seoane, Salinas Portugal, Xulio Valcárcel, Álvarez Cácamo, Lino Braxe, Ana Romaní...

ACTIVIDADE: Ordena as letras e descubrirás: quen é quen?



galportu linassa




resllapa larpi



neseoa ervixa



celcarval lioxu




nanfer llove



SEGUNDA PARADA: PRAZA DE MARÍA PITA

Silencio me chaman porque neste tempo en que vivo non se me escoita. Mentres as miñas compañeiras pasan todo o día no Castelo ocupadas en millenta obrigacións relacionadas co estudo de inutilidades e tamén coas angueiras do viver diario, como son a alimentación, o vestir, o cultivo da horta e o comercio coas aldeas e castelos próximos, eu queredría contar cousas que os meus ollos ven, os meus sentidos senten e a miña memoria lembra. E queredría contalo, con toda intención, non aos que estando comigo nada lles importa o que eu poda dicir ou poñer por escrito, senón aos que nen sequer son carne aínda nos ventres das súas nais, aos que están por vir, se o final do mundo non chega antes.

[As chaves do tempo]



Luísa Villalta a mediados dos 70
© Rafael Villalta

En **1589** as tropas inglesas chegan á Coruña dirixidas polo almirante e corsario sir **Francis Drake**. O exército cercou a cidade e abriu una fenda nas murallas da Cidade Vella. No asalto mataron a **Gregorio Rocamonde**, home de **María Pita**. Esta, chea de carraxe, arrebatou a lanza da bandeira inglesa e ao berro de *“Quen teña honra que me siga!”*, matou o alférez que dirixía o asalto, e a tropa estranxeira, composta por doce mil homes, retirouse desmoralizada.

ACTIVIDADE: INVESTIGAMOS

1. Quen é o escultor da estatua que preside a Praza de María Pita? En que material está realizada? Canto mide?
2. Quen é a persoa que está aos seus pés?
3. Quen era o alférez ao que matou? Por que supuxo a desmoralización dos doce mil soldados ingleses e a súa conseguinte retirada?

Ao estilo desta heroína, Luísa Villalta tamén loitou para defender as causas xustas, iso si, sen lanza, sen mortos de por medio, ela só precisou un bolígrafo e a súa palabra para impulsar a presenza do galego en todos os ámbitos, participando nas reivindicacións da Mesa pola Normalización Lingüística, en volumes colectivos para defender a causa palestina ou para denunciar a catástrofe do Prestige en *Negra sombra: intervención poética contra a marea negra*.

Na seguinte colaboración xornalística Luísa fálanos, precisamente, do movemento "Nunca Máis!". Lédeo e, a continuación, realizade a actividade de abaixo.




Falta saber, "nunca máis" que? O chapapote, desde logo. Pero isto é tan só a proba, o detonante, porque para ser verdade, Nunca máis ten de significar toda unha serie de decisións políticas, que os actuais denigradores da política intentan falsear: nunca máis confundir os dereitos cos favores, nunca máis quedar ben cos xefes e os caciques, nunca máis hipotecar o interese de todos polo propio, nunca máis confiar na protección clientelar do poder, nunca máis consentir a piratería de despacho dos especuladores, nunca máis delegar as propias responsabilidades políticas, nunca máis esquecer que Galiza depende de nós.

("A proba do chapapote", en O libro das colunas)

ACTIVIDADE: NUNCA MÁIS!

1. En que ano o petroleiro Prestige encallou fronte ás costas de Muxía?
2. Até onde chegou a vertedura do chapapote?
3. Que ten que significar "Nunca Máis" segundo o texto de Luísa Villalta? Credes que dito texto podería ser actual na súa mensaxe fundamental?
4. Que consecuencias tivo a catástrofe na flora e na fauna das nosas costas?





TERCEIRA PARADA: O CAMPO DA LEÑA

*Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade.
O trolebús asmático agatuñaba a encosta de Panadeiras
até trouxar algún vello solteiro, putañeiro sen tasa,
fronte á Farmacia, no Campo da Leña.*

[Papagaio]



En **1815**, na **Coruña**, un grupo de burgueses comerciais e oficiais do exército, descontentos co réxime absolutista do rei Fernando VII, que restablecera os privilexios eclesiásticos e nobiliarios, conspiraron para restaurar a Constitución de 1812. Liderados polo xeneral **Juan Díaz Porlier**, pronunciáronse a favor da Constitución e tomaron o control da cidade o **19 de setembro de 1815**.

Este episodio marcou a primeira declaración constitucional en Europa despois da derrota de Napoleón e foi un intento de establecer un sistema político baseado na liberdade, a igualdade e a soberanía da nación. Traizoado por varios suboficiais, Porlier foi detido cando se dirixía a Santiago coas súas tropas para espallar a rebelión. Degradado do seu rango militar, foi aforcado no Campo da Leña, onde hoxe se erixe una estatua na súa homenaxe.

ACTIVIDADE: LECTURA E COMENTARIO DE TEXTOS

A continuación, imos ler dous textos, un de Luísa Villalta publicado a mediados dos anos noventa, e a continuación, un de Celso Emilio Ferreiro publicado aló pola década dos sesenta, incluído no poemario *Longa noite de pedra*. A continuación, realizade as cuestións que están abaixo:

Podes atopar máis información sobre Celso Emilio Ferreiro no seguinte enlace:

https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=CelFerre&alias=Celso+Emilio+Ferreiro&solapa=biografia



*Fuxamos, é hora de sair, se estamos vivos, con urxencia
e sen pluma, sen papel, sen nós sequer,
do ser social paternamente criminal como una venda,
con apenas un candil e pan de estrelas
para os páxaros famintos do regreso.
Marchemos cara a cara até nós mesmos
e enfrontar o sorriso de puñal
que nos mostre o final dos siloxismos.*

[Luísa Villalta, *Ruído*]

*Nós queríamos libremente
comer o pan de cada día. Libremente
mordelo, masticalo, dixerilo sin medo,
libremente falando, cantando nas orelas
dos ríos que camiñan pra o mar libre.
Libremente, libremente,
nós queríamos somente
ser libremente homes, ser estrelas,
ser faíscas da grande fogueira do mundo,
ser formigas, paxaros, miniños,
nesta arca de Noé na que bogamos.
Nós queríamos libremente sorrir,
falarlle a Dios no vento que pasa
-no longo vento das chairas e dos bosques-
sin temor, sin negruras, sin cadeas,
sin pecado, libremente, libremente,
coma o aire do mencer e das escumas.
Coma o vento.
Mais iste noso amor difícil rompeuse
-vidro de soño fráxil-
nun rochedo de berros
e agora non somos máis que sombras.*

[Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*]

CUESTIÓNS:


1. Cal é o suxeito lírico en cada unha das composicións? Reparede nas persoas gramaticais.
2. Seleccionade polo menos un campo semántico en cada un dos textos e tirade unha conclusión.
3. Intentade facer o seguinte xogo lírico: Mesturade, en grupo, versos de ambos os poemas e, a partir de aí, create un texto novo. Que conclusións podemos sacar deste exercicio?
4. Tendo en conta o que xa sabedes de Luísa Villalta e mais da información proporcionada polo enlace á Biblioteca Virtual Galega, tratade de analizar os puntos en común entre a vida de ambos os poetas.



CUARTA PARADA: RÚA DA CORDELERÍA

*Desde o olvido veño con pasos de pincel e de palabras,
para inscreber entre os meus xenes a tua auséncia.
Un obxecto deixou rodar o seu peso entre o tumulto
e eu mesma me vin mirar-me a min que me miraba
no asombroso espello que é o ollo desta terra.
A soedade sabe como será despois de coñecer-te
unha espesura rota a procurar-te na cegueira.*

[Rota ao interior do ollo]



As rúas da Cidade Vella da Coruña transpórtannos a unha viaxe no tempo, onde a historia se entrelaza coa vida cotiá dunha maneira única. Este barrio é un testemuño vivo da rica herdanza cultural e arquitectónica que perdurou ao longo dos séculos.

Os gremios na cidade da Coruña desempeñaron un papel fundamental na organización económica e social. Estas agrupacións de artesáns e comerciantes convertéronse en piares da vida urbana, influíndo na economía, na cultura e na política da cidade.

Durante a Idade Media e a Idade Moderna, A Coruña experimentou un auxe na actividade comercial e artesanal, especialmente relacionada coa navegación e a pesca. Os gremios, coñecidos como "confrarías", xogaron un papel crucial neste contexto. Cada gremio estaba formado por membros dunha profesión específica, como pescadores, carpinteiros de ribeira, teceláns, ferreiros, etc.

Estas confrarías estableceron regulamentos que rexían a produción, a calidade dos produtos e as relacións laborais. Tamén defendían os intereses dos seus membros ante as autoridades locais e regulaban os prezos dos bens e servizos.



Como xa mencionamos, na época medieval A Coruña era un importante porto marítimo cunha grande actividade pesqueira e comercial. Para o funcionamento da flota pesqueira e a navegación, requeríanse cordas, redes e cabos de calidade. Foi entón cando se estableceron talleres e fábricas nesta área para a produción de cordas e cordelería, o que deu nome á rúa.

Os cordeleiros, artesáns especializados na fabricación de cordas e cabos, atoparon nesta ubicación estratéxica un lugar ideal para a súa actividade. Utilizaban materiais como o cáñamo e o esparto para confeccionar estas cordas, que eran esenciais para a pesca e a navegación nunha cidade tan ligada ao mar.

ACTIVIDADE:


Procurade na seguinte sopa de letras o nome de dez profesións tradicionais:

C	Y	O	C	V	J	B	C	P	N	B	G	C	N	J
C	A	Y	R	L	K	E	N	D	A	L	L	A	L	O
J	A	N	R	I	S	C	E	G	L	M	G	R	B	G
J	U	B	T	T	E	H	G	C	E	Z	Z	B	U	O
G	L	I	E	E	K	R	B	U	C	F	X	O	J	F
O	R	I	T	X	I	V	R	E	E	Z	O	E	A	U
Z	R	G	T	W	T	R	Y	E	T	A	L	I	O	A
O	M	Y	S	G	E	K	O	E	F	N	E	R	N	W
O	R	I	E	H	C	E	B	I	C	A	I	O	Q	L
Z	O	Q	U	E	I	R	O	Q	V	E	R	W	L	X
O	R	I	E	R	A	F	L	A	L	M	O	Y	P	E
A	I	T	M	D	J	J	D	L	J	L	P	R	P	H
P	K	O	O	C	W	J	E	L	M	Q	F	J	D	N
Y	O	R	B	I	Q	T	K	F	K	X	P	F	S	E

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.

ACTIVIDADE: Viaxamos da costa cara ao interior. Escoitade o seguinte [podcast](#) sobre os oficios tradicionais na localidade ourensá de Esgos e realízade una posta en común na aula partindo das seguintes cuestións:

- a) Que tipo de oficios se describen no podcast? Coñeces a alguén da vosa contorna que desempeñase algún deles?
- b) Como vos imaxinades o día a día desa localidade na época que se describe?
- c) Como valorariades as mudanzas sociais acontecidas desde entón até hoxe?



QUINTA PARADA: O CAMPO DE MARTE

O ceu cobrou unha cor que facía pensar.

Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás profundidades.

Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de sono. O calor enfriábase no bisturi do horizonte.

Os nenos, de cóbados na xanela, enfrontaban a historia, inconscientes, nun palpebreo tan veloz como a infancia.

Pero aínda hai un cambio posíbel que se reserva no bolso, un remanente da derrota, para mirar arredor.

Non nos estábamos esperando, por iso nos recoñecemos.

Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber quen nos chamou ao fio da noite.

[Ruído]

Como quizais saibades, Marte era, para os romanos, o deus da guerra. Representábase cun elmo e unha armadura, ademais dunha lanza. A guerra, por desgraza, é unha realidade na vida do ser humano, mesmo desde os tempos máis antigos. Na actualidade, os focos dos medios de comunicación teñen o centro posto en varios lugares: por un lado, Ucraína e por outro, o conflito entre Palestina e Israel. Sobre este último, aportámosvos a seguinte información:

O conflito entre Palestina e Israel comezou a principios do século XX, causado pola colonización levada a cabo polo movemento sionista que apareceu en Europa. Consistía en conquistar Palestina e crear unha patria que fose só para o pobo xudeu en toda Palestina. Este conflito ten tido momentos máis conflitivos e outros máis tranquilos. Debido á migración de xudeus a Palestina tras o holocausto, producíronse choques entre árabes e xudeus.

As Nacións Unidas, para intentar solucionar este problema, aprobaron a partición de Palestina en dúas; porén, os árabes non o aceptaron. En 1948 Israel gañou a guerra de independencia e ocupou gran parte do territorio palestino, polo que moitos cidadáns foron expulsados e convertéronse en refuxiados de países veciños.

En 1967, tras a Guerra dos Seis Días, Israel ocupou a totalidade de Gaza e Cisjordania, dando comezo oficial á ocupación de Palestina.

O pasado 7 de outubro de 2023, un día despois do 50º aniversario da guerra de Yom Kipur, mentres os israelís festexaban a festa de Sucot, grupos armados de milicianos palestinos, principalmente de Hamás e a Yihad Islámica Palestina e outras agrupacións, provocaron un gran ataque sorpresa contra Israel dende a franxa de Gaza, lanzando miles de foguetes, e infiltráronse en Israel utilizando camións, motocicletas, parapentes... deixaron moitos feridos, centenaes de mortos e capturaron un gran número de persoas.

Este ataque fixo que Israel declarase o estado de emerxencia, e que respondese bombardeando centos de obxectivos na franxa de Gaza, como hospitais ou bloques de vivendas, e matando a moitos civís, cometendo violacións ao dereito internacional humanitario. Tamén impuxo un cerco a Gaza que consiste en non deixar pasar subministros esenciais, impedir a avaliación de feridos e provocar cortes eléctricos.

Este conflito leva anos activo e aínda non se ve un final.

ACTIVIDADE: Imos ler o seguinte fragmento do poema intitulado “Leste”, pertencente ao libro *En concreto*. Unha vez lido, escoitaremos a canción “*Brothers in arms*” do grupo británico Dire Straits, do que achegamos a letra orixinal en inglés despois do poema. A continuación propoñemos varias cuestións.

Velaquí os versos de Luísa...:

*Aquí hai homes que preparan una guerra sosegada
ante mesas aborrecidas de papeis macilentos
de mans cegas a calquer utilidade
de virus estratexas entre tanta rutina*

*O vento cheira a cadáver
a vítima diaria da harmonía universal
a apocalíptico vertedoiro
antes de sementar nas nosas almas vencidas
una canción sen memoria*

*Unha guerra soa sempre aínda
desde moi lonxe un estertor terminante
vén procurar os cristais da Cidade
que se despede continuamente de si mesma*



Luísa Villalta tocando o violín
© Rafael Villalta



...E aquí a letra da canción de Dire Straits:

*These mist covered mountains
Are a home now for me
But my home is the lowlands
And always will be*

*Someday you'll return to
Your valleys and your farms
And you'll no longer burn
To be brothers in arms*

*Through these fields of destruction
Baptism of fire
I've witnessed your suffering
As the battles raged higher
And though they did hurt me so bad*

*In the fear and alarm
You did not desert me
My brothers in arms*


*There's so many different worlds
So many different suns
And we have just one world
But we live in different ones*

*Now the Sun's gone to hell
And the Moon's riding high
Let me bid you farewell
Every man has to die*

*But it's written in the starlight
And every line on your palm
We're fools to make war
On our brothers in arms.*

CUESTIÓN:

1. Investigade individualmente ou en grupo sobre o grupo musical Dire Straits. Houbo un feito histórico moi concreto que motivou que Mark Knopfler, o vocalista, se decidise a escribir a canción. Cal foi? Credes que a canción, do mesmo xeito que o poema de Luísa, pode ser relacionada con calquera guerra de calquera tempo?
2. Tratade de desenvolver, a nivel de grupo, a relación entre o compoñente artístico do videoclip e a letra da canción.
3. Tratade de traducir ao galego a letra da canción e, a continuación, elaborade un poema novo que mesture ambos os textos.
4. Debate a nivel de grupo: as guerras, as súas posíbeis motivacións, as súas consecuencias. O caso concreto de Israel e Palestina.





SEXTA PARADA: Santo Amaro e a Torre de Hércules

*O Guerreiro venceu e trouxo o Norte
Desde entón o vento acumula na Cidade moreas deste nome
para manter acesa a lumieira do Faro
Vento que vén de vez e pasa marmexando (norte, norte)
nos ouvidos (norte)
e move a luz do Faro en catavento (arredor do norte)
a alumear o instante que se vai sempre sen mirarnos*

[En concreto]

Estamos a carón do mar, onde a vida e mais a morte
se unen nun abrazo de luz e salitre.

*Fermosa cantaba
na casa do riso
os longos cabelos
chegaban ao mar,
os barcos surxían
no fondo da alma
mais nunca seguían
aquel seu cantar*

[O paseo das esfinges]



Cartel da representación de O paseo das esfinges, realizado polo alumnado do IES Isaac Díaz Pardo en 2004.

Dixo alguén que unha das mellores maneiras de coñecer unha cidade é a través dun camposanto. No caso da cidade da Coruña, o cemiterio de Santo Amaro é unha mostra perfecta desta idea e deste sentir. Aquí están soterrados personaxes tan coñecidos como Curros Enríquez, Luis Seoane, Francisco Lloréns ou a nosa Luísa.



E tamén Eduardo Pondal. O celtismo é un dos recursos con que contou o galeguismo á hora de construír un pasado, de vencer o esquecemento dun presente de ferro. A Torre de Hércules álzase inmensa e serena ante o mar que tantos dos nosos e das nosas poetas contemplaron con arroubo, con fascinio. Reparede no seguinte poema de Luísa, incluído no libro *En concreto*:

TORRE

RETO


*Como se pode ver
sempre
é desandado
o camiño
En verdade
nos pés
o áspero tacto das palabras
que me fai seguir
Onde comeza o problema
para observar
o poema
no difícil ascenso
Fago unha parada
na illa de estaño
para poñer os pés
sen lugar
Camiñando cara ao alto*



E a Torre de Hércules é o resultado de mil mitoloxías e mil camiños, desde Breogán até o mar no que morreu o poeta Aurelio Aguirre, todo sempre envolto en misterio, en mil néboas.

ACTIVIDADE: No poema anterior Luísa elabora un poema sobre a Torre de Hércules cun caligrama, isto é, un texto que trata de imitar visualmente unha forma determinada. Tratade de realizar un caligrama que teña como protagonista un edificio ou monumento do lugar en que vivides. Podédesvos inspirar visitando a páxina web da [Enciclopedia Concepto](#).

ACTIVIDADE: No seguinte encrucillado deberedes atopar dez termos relacionados co celtismo (tende en conta que as letras dalgunhas palabras poden aparecer en orde inversa):




A profesora Olalla Rodríguez Franco realizando un busto en homenaxe a Luísa no IES Isaac Díaz Pardo

Horizontais:

- 1. Terras afastadas e desexadas.
- 2. Lugar onde vivían os castrexos.
- 3. Un dos grandes poetas do celtismo.
- 4. Heroe mitolóxico.
- 5. Xigante vencido por Hércules.

Verticais:

- 6. Fillo de Breogán.
- 7. Un dos pais do celtismo.
- 8. Poeta dos celtas.
- 9. Cenáculo galeguista.
- 10. Xefe céltico.



SÉTIMA PARADA: PRAZA DA FARIÑA

O cego ollar da pedra é a razón do seu silencio, cando o sol engole, en vértigo instantáneo, a sua mole e grita a evidéncia da visión.

Da material pureza dese son forma-se o canto, no que un verme pole até a desfeita luz da forma mole a pedra dura en sangue, en corazón.

A sombra endurecida fai-se abismo ao cantar sobre as bordas, como alzando a oferta até os límites da histeria

que descompón da pedra o paroxismo: sangue de luz vira-se a forma cando é a beleza a vida da matéria.

[Música reservada]

As prazas e rúas son lugares de grande importancia para a vida das persoas nunha cidade, mais tamén para a arte. Nun lugar principal da Praza da Fariña temos a Fonte do Desexo, unha fermosa efixie feminina portadora da luz. Isto supón mesturar o utilitarismo cotián coa beleza das formas nos espazos urbanos.



Fonte do Desexo



Federico García Lorca

ACTIVIDADE: A partir do texto de Federico García Lorca "No sólo de pan vive el hombre" e do texto de Luísa Villalta ("Detrás da poesía") realizaremos un debate acerca do tema de ambos os textos.

No sólo de pan vive el hombre. Yo, si tuviera hambre y estuviera desvalido en la calle no pediría un pan; sino que pediría medio pan y un libro. Y yo ataco desde aquí violentamente a los que solamente hablan de reivindicaciones económicas sin nombrar jamás las reivindicaciones culturales que es lo que los pueblos piden a gritos. Bien está que todos los hombres coman, pero que todos los hombres sepan. Que gocen todos los frutos del espíritu humano porque lo contrario es convertirlos en máquinas al servicio del Estado, es convertirlos en esclavos de una terrible organización social.

Yo tengo mucha más lástima de un hombre que quiere saber y no puede, que de un hambriento. Porque un hambriento puede calmar su hambre fácilmente con un pedazo de pan o con unas frutas, pero un hombre que tiene ansia de saber y no tiene medios, sufre una terrible agonía porque son libros, libros, muchos libros los que necesita, y ¿dónde están esos libros?

*Detrás da poesía
a sombra
que sustenta o día.*

*Entre a luz e o corpo
dista o aroma
dunha sombra pura
que é o silencio.*

*Detrás do sol sonoro,
nun eco escuro,*

*confunde-se a lembranza
co esquecemento
soando en mil murmurios
esfumeados
entre o pó e o vento.*

*Detrás da poesía
a ausencia
que sustenta a vida.*

[Música reservada]




Deseño orixinal de Ana Pillado

MÚSICA RESERVADA

LUÍSA VILLALTA



EDICIÓS DO CASTRO/Poesía



OITAVA PARADA: O PAPAGAIO

*Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
Apesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o grau á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
pai e a nai xa nunca non me faloron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.*

[Papagaio]

O chamado barrio do Papagaio foi, durante moitos anos, un territorio moi propio para a prostitución e a marxinalidade. Situado no centro da cidade, moi preto da Praza da Leña e mais do IES de Zalaeta, o barrio foi esmorecendo pouco a pouco até se converter nunha ruína. Ao final, as protestas veciñais e, sobre todo, a presión da especulación inmobiliaria, fixo que as vellas edificacións fosen demolidas e, no seu lugar, se erixise un bloque de edificios de luxo que non recordan en absoluto o pasado das casas que, maxistralmente, retrataron Luísa Villalta e mais Maribel Longueira no libro *Papagaio*.



Luísa coa súa nai e a súa irmá
(Foto cedida pola familia)

ACTIVIDADES

Imos ler un poema do libro *Papagaio* no que hai que completar os ococos coas palabras que faltan.



Imaxe de Maribel Longueira
(casa do barrio do Papagaio xa en ruínas)

*A amizade ten flor que rebenta nas paredes,
sobrevive da podremia mutua
e só precisa das _____ abertas
onde nace e se deita o sol de dentro.
Compartir as _____ de tender a roupa
vibrantes de _____ e de necesidade
por aquelas cousas que a _____ da vida
non dá lavado, pola dor que as esfrega
deteriora, volve inúteis
e entón hai que poñelas a secar
ao ar das bocas abertas, xanelas asustadas.
Non é _____ no sentido estrito da palabra
senón amor de luz, esa grande indiferencia
que produce estar ao alcance
porta con _____, vida con _____,
coas cordas frouxas, destensadas
máis e máis a medida que a auga do tempo
amolece o tecido irreversible
destes nosos corpos, o único que somos.*

Imos tratar de realizar unha actividade que pretende visibilizar a figura de mulleres fundamentais da nosa cultura. Esta actividade consta de tres tarefas:

1. Imos ler unhas adiviñanzas para atopar a figura da que se fala:

*Coñécenme nas letras e na cultura,
con obras que marcaron a literatura.
Din de min "un talento sen igual",
chámmome Emilia, quen son ao final?*

*Con pinceis e cores creei arte.
Os meus cadros son xoias en calquera parte.
Na Vangarda e no Modernismo despuntei
e na historia da arte de min che contei.*

*Os meus versos son como flores no río,
se cadra expresan amor e pena en desvarío.
Con tristeza e beleza no meu cantar,
quen de min che foi contar?*

*Escritora e feminista, con convicción.
As miñas son palabras de liberdade
no século XIX de transformación.
Quen son, sen medo á verdade?*



*No cine e teatro, sobresaín con paixón.
Meus eran os papeis de gran interpretación.
Nas táboas e nas pantallas,
mil vidas creei con emoción.*



*Nas letras galegas a miña pegada deixei
con contos e versos que do maxín saquei.
Polos dereitos e a igualdade houbo que loitar,
quen son para me escoitar?*



*Profesora e escritora, con moito valor.
A miña pluma ergueuse na defensa do honor.
Obras e clases que denunciaron a inxustiza.
Quen son, sempre preto de ti, en Galiza?*

2. Seguidamente entregaremos ao alumnado unhas breves descrições de mulleres relevantes na cultura, arte e literatura de Galicia, nun formato similar ao dunha carta, como se fosen elas as que as escribisen. Deste xeito coñecerán quen foron dun xeito máis íntimo e do seu puño e letra. Vexamos un exemplo na carta escrita por Rosalía:

Querido alumnado,

Chámome Rosalía e para que non me confundades, direivos que eu vivín hai moitos anos e, co tempo, consideráronme unha das figuras máis destacadas da literatura galega. Que vos parece? É un gran eloxio, non sí?

Veredes, eu nacín en Santiago de Compostela alá polo ano 1837 e xa desde aquela algo rebulía no meu maxín. Así foi que escribín poemas cargados de emoción e nos que quixen reflectir a miña loita pola igualdade.

Tentei deixar patente a gran beleza da nosa cultura, do noso idioma e da nosa xente. Que a nosa xente somos nós tamén. Vós, quero dicir. Agardo que o meu esforzo chegue ata os vosos días, que nos axude a nunca renegar do que somos e a loitar pola xustiza.

Déixovos con parte dun artigo que escribín hai moitos anos, no 1858:

"Xamais dominou na miña alma a esperanza da gloria, nin soñei nunca con loureiros que oprimisen a miña fronte. Só cantos de independencia e liberdade saíron dos meus beizos, aínda que arredor sentira, xa dende o berce, o ruído das cadeas que debían aprisionarme para sempre. Porque o patrimonio da muller son os grillóns da escravitude.

Eu, con todo, son libre, libre coma os paxaros, coma as brisas; coma as árbores no deserto e o pirata no mar."

Con cariño e sempre vosa,

Rosalía

3. Partindo destas cartas, o alumnado ha de escoller, en grupos de tres ou catro, unha das figuras femininas e realizará un traballo de banda deseñada que ilustre o contido do texto. Estes traballos expoñeranse a nivel de grupo e, a continuación, realizarase unha posta en común, coa posibilidade de decorar a aula cos exercicios feitos polo alumnado.

Luísa Villalta

«Isto é poesía,
un ruído
provocado»

Roteiro 2: Sada



PRIMEIRA PARADA: A TERRAZA


*Esa son eu
rubindo unha e outra vez as escadas
dun mundo posíbel
separado sempre pola idade, a teima
e a vontade íntima de voar
no alto a miña casa alta
e por cima un país nas nubes
lidando co sol difícil do Norte
que sempre se rende ás gadoupas do mar
e esquece ficar para quecerme*

[En concreto]



A Terraza levantouse orixinariamente na Coruña en 1912, nos xardíns de Méndez Núñez. Foi trasladada a Sada dende A Coruña no ano 1922 porque a ubicación que tiña ía ser utilizada para construír o Kiosko Alfonso.

É unha construción de estilo modernista, como moitas outras máis que, naquela época, había en Sada. Luísa Villalta tense declarado en innumerábeis ocasións grande admiradora do edificio, e mesmo ten tocado o violín nalgún pequeno concerto no seu andar superior (a foto de arriba á dereita corresponde a ese espazo).



ACTIVIDADE: Identificade os edificios antigos de Sada e, a continuación, ubicádeos no mapa da dereita, indicando sobre el o número correspondente a cada edificio.



1. _____



2. _____



3. _____



4. _____



Como xa sabedes, Luísa Villalta tocaba o violín, ou violino, como a ela lle gustaba chamar. De feito, fixo parte da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia; ao redor da música a poeta foi quen de elaborar toda unha teoría que a emparentaba coa poesía nunha simbiose esencial, fundamental, que aborda no seu ensaio titulado *O outro lado da música: a poesía*. Tendo en conta esta característica tan relevante da nosa autora, propoñémosvos un exercicio no que tedes que identificar cada instrumento musical e, a continuación, marcar o seu tipo cun "X":



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



CORDA	VENTO	PERCU- SIÓN
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



SEGUNDA PARADA: PRAZA DOS IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

*Abrir a boca en ti, onde as estrelas
configuran a constelación dos nosos nomes,
abrandar a vontade que nos puxa
implacabelmente para os extremos opostos
con esa forza de non sermos nen eu ti nen ti eu,
cortar a fita para inaugurar o tempo
no que nos miramos o ollo no ollo multiplicado
como o río aquel, o suor, o beixo continuado
balizado por latexos que se escapan,
e palabras atadas que nos fican dentro,
para fabricar o xesto de buscar-nos
por debaixo das sombras e os vestidos.
Abrir a boca á escuridade para encontrar o día*

[Apresados sen presa]



Praza dos irmáns Suárez Picallo

Os irmáns Ramón e Xoán Antón Suárez Picallo son dous dos personaxes históricos máis relevantes da historia de Sada e do galeguismo. No seguinte documental, intitulado "[Ramón Suárez Picallo. A viaxe derradeira](#)", faise un percorrido arredor da vida e obra de Ramón, desde o seu nacemento na parroquia sadense de Velloi deica a súa morte en Bos Aires. Este documental foi elaborado en 2008 con motivo do traslado dos seus restos mortais á vila de Sada.

ACTIVIDADE: Logo de ver o documental sobre Ramón Suárez Picallo, tratade de descubrir dúas facetas da súa vida relacionándoas coas imaxes de abaixo. A continuación, facede unha posta en común sobre a figura deste sadense ilustre e aquilo que puido ter deixado en herdo en xeracións posteriores de galegos e galegas, como é o caso de Luísa Villalta.



Ramón Suárez Picallo nun mítin ante a estatua de Rosalía (Santiago de Compostela, ano 1933)



Vista parcial do porto de Fontán (Sada) nos anos noventa do século pasado.



TERCEIRA PARADA: COMPLEXO SARGADELOS - MUSEO CARLOS MASIDE

Esfinx A.- É unha inmoralidade. O amor necesita a alguén, (con énfase) necesita ao Outro, ao Ser Diferente e Igual ao mesmo tempo; todo isto é moi complicado para os simples mortais (Resolta e ofendida.) Iso si, o amor a ninguén é egoísmo, narcisismo, chauvinismo, egolatría, neurasténia e quen sabe cantas cousas máis. Intolerábel!

[O paseo das esfinxes]



Complexo do Castro (vista parcial)



Interior Museo Carlos Maside

No lugar do Castro, moi preto da vila de Sada, érguese o complexo Sargadelos. Creado por Isaac Díaz Pardo e mais Luís Seoane, pretendeu ser desde as súas orixes un lugar que combinase a arte coa industria. Deste xeito, xunto coa fabricación de cerámica e mais o traballo editorial (Edicións do Castro), cómpre mencionar o Museo Carlos Maside de Arte Contemporánea, infelizmente pechado nos últimos tempos pola xerencia actual do complexo. Neste museo hai obras orixinais de Castelao, Laxeiro ou do propio Maside, ademais de todo un abano de mostras editoriais e de arte do século XX.

ACTIVIDADE: Luísa Villalta era unha grande amante da arte e sempre reivindicou a arte galega en todas as súas manifestacións. Teredes que relacionar as obras pictóricas de abaixo cos seus autores, cuxos nomes deberedes completar. Para axudarnos, podedes consultar o seguinte [enlace](#) e/ou os códigos QR que aparecen abaixo.

Imaxe da obra

Código QR

Autor e obra





CUARTA PARADA E FINAL: IES ISAAC DÍAZ PARDO

*A perfeizón do instante
é anterior e posterior a todo
porque se prende en si de eterno
gañando-se terreno no volátil*

[Música reservada]



Chegamos á fin da nosa viaxe e detémonos nun dos lugares máis importantes da vida de Luísa Villalta. O IES Isaac Díaz Pardo de Sada foi o seu lugar de traballo durante moitos anos, concretamente desde 1991 até 2004, ano no que falece. Moitas son as historias, os encontros, as ensinanzas e as anécdotas que, dun xeito ou doutro, ela mesma protagonizou. Foi aquí onde a súa faceta de docente xogou un papel talvez transcendental en moitos alumnos e moitas alumnas que, hoxe, pasados os anos, recordan con grande agarimo a súa figura.



*Luísa na compañía de Isaac Díaz Pardo
no instituto (6 de xuño de 1994)*



*Fotografía na entrada do instituto (ano 1993).
Luísa é a primeira da esquerda
na segunda fila comezando por abaixo*

As homenaxes recibidas por Luísa foron moitas e moi diversas, e entre elas cabe destacar a representación por parte do alumnado da obra dramática *O paseo das esfinxes* baixo a dirección da que foi unha das compañeiras de departamento de Luísa, a profesora Cristina Asensio. Ademais, comezouse a organizar un certame literario co seu nome e mais se levou adiante a redacción da revista *A Voar*, dirixida por Marisa Naveiro, outra compañeira máis de días e de libros no IES Isaac Díaz Pardo. O primeiro número desta publicación tivo como obxectivo fundamental lembrar a Luísa pouco despois do seu falecemento.



Representación por parte do alumnado da obra O paseo das esfinxes



Luísa tocando o seu querido violino na aula de música

Outras homenaxes fóronse sucedendo desde entón até hoxe, cando a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras 2024. Un dos roteiros da Coruña Literaria está dedicado a ela, e a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada publicou un caderno de estudos locais no 2020, en pleno confinamento, entre outras moitas iniciativas. É xusto agora, no 2024, cando os libros que teñen a Luísa como centro, van agromando un tras doutro, demostrando o grande interese que a autora ten en todas as súas facetas: docente, poeta, narradora, dramaturga, ensaísta, música, tradutora... Cremos que poucas figuras da cultura galega recente merece tan grande galardón.



Cartel co roteiro dedicado a Luísa (Concello da Coruña)




Caderno de Estudos Locais publicado pola A.C. Irmáns Suárez Picallo

ACTIVIDADE: Como xa tedes visto ao longo do percorrido, Luísa Villalta ten, a pesar da brevidade da súa vida, unha obra non só de grande interese, senón tamén moi variada. Propoñémosvos, a partir das capas de libros de seu, dicir a que xénero literario pertencen e cal foi o seu ano de publicación. Para axudarvos, ademais da información proporcionada ao longo do percorrido, podedes consultar o código QR da dereita.



Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:




Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:




Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:



Xénero:
Ano de publicación:

Bibliografía - Recursos web



BIBLIOGRAFÍA

- Anido Regueiro, Rubén (coord.): *Luísa Villalta. Muller de música e poesía*. Cadernos de estudos locais nº 32, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo, , 2020.
- Fernández del Riego, Francisco: *Diccionario de escritores en lingua galega* (2ª ed.), Sada, Edición do Castro, 1992.
- Mariño Davila, Esperanza, "Ser (muller) no tempo", *Grial LXI*, Vigo, Galaxia, 2023.
- Requeixo, Armando, "Introdución" a *Pensar é escuro. Poesía reunida de Luísa Villalta (1991-2004)*, Vigo, Galaxia, 2023.
- Vilavedra, Dolores, *Diccionario da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1995.
- Villar, Miro, "A música reservada dos sonetos de Luísa Villalta", *Areal* nº 27, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo, 2023.

WEBGRAFÍA

- "Luísa Villalta" en Asociación de Escritores en Lingua Galega: (<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/luisa-villalta>).
- "Luísa Villalta" en Biblioteca Virtual Galega: (https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=Lu%EDVil la&alias=Lu%EDsa+Villalta&solapa=biografia).
- "Álbum das mulleres" en Consello da Cultura Galega: (<https://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=219>)
- "Mulleres senlleiras", *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*: (<https://www.andainamulleres.gal/senllesult1.php?nome=Luisa%20Villalta>).
- Seoane Cao, Xosé Anxo, "Luísa Villalta. Paixón e compromiso": (https://www.youtube.com/watch?v=1YKzhUo2PDE&ab_channel=suarezpicalloaudiovisuais).



"Isto é tamén unha muller que resiste"
[Ruído]



A. C. IRMANS
SUÁREZ
PICALLO

